

## ARTE

## A obsesión do pintor e as migrañas

**O** mozo coruñés Jorge Cabezas expuxo estes días 17 dos seus cadros na fundación Araguaney.

Non é a primeira vez que as teas deste artista se amosan nesta institución, que no 92 o recoñeceu na súa III Bienal co primeiro premio.

A mostra revela unha evolución na produción do artista. Da súa anterior etapa que tiña como leitmotiv o tema da bicicleta quíxonos deixar unha tea.

É nesa unha onde podemos apreciar que a paleta monócroma deixou paso a outra na que se multiplican o abano de posibilidades cromáticas.

Concentrándose intensamente nos bruscos contrastes de color consegue que os seus lenzos resulten corpóreos e palpables, moi cheos de vida.

Aínda que na súa obra son visibles as pegadas deixadas pola produción de Jaime Cabanas, o noso artista cultiva día a día un persoal xeito de facer que el mesmo cualifica de 'figuración corrosiva'.

Unha nova obsesión parece apoderarse do noso autor, as cabezas, eses rostros impersoais que se erixen en imperecedoiros obeliscos.

### Potencia

A inesgotable potencia da elaboración da materia subxuga a Jorge Cabezas. Edifica este pintor as súas obras coma se dun edificio prodixioso se tratase e por iso precisamente se serve de materiais coma a area, a resina, o po de cemento; testemuñas todos eles de canto nos flúe no pensamento.

Na súa loita por romper coas formas do pasado, transforma a figura esperpenticamente mutándoa ora nun peón, ora en dous peóns. Outras veces, edifica unhas naturezas mortas a custa de xactarse da tradición bodegonista secular anterior aínda que persista nelas certa gravidade zurbaranésca, pero que tomou o tren da modernidade, cos seus menús rápidos. Precisamente do antigo restaurante 'El Rápido' insire a modo de collage a táboa dun antigo menú.

### Autoesixencia

O afán de autoesixencia ó que se somete el mesmo lévao a xogar coas formas unha e outra vez. Proxecta os seus cadros como unha versión pictórica doutras realidades xa existentes, descoñecidas por nós, que só ó falar co artista nolas revela. É entón cando avertímo-los múltiples arrepenimentos que habitan o máis variopinto das súas teas.

A súa potente fantasía desenfadada lévao a crea-los seus collages con urxencia pero con gran seguridade, converténdose así o autor nun cronista silente e nun obreiro do sarcasmo.

**Fátima Otero**